Pero de Berdia

Rubrica
Sanhudo m'é meu amig'e nom sei,
Deu'lo sabe, por que xi m'assanhou
ca toda rem que m'el a mi mandou
fazer, fij'eu e nunca lh[e] errei;
e por aquesto nom tenh'eu em rem
sanha, que sei onde mi verrá bem.

Tam sanhudo nom m'é, se m'eu quiser,
que muit'alhur sem mi possa viver,
e em sobêrvia lho quer'eu meter
que o faça, se o fazer poder;
e por aquesto nom tenh'eu em rem
sanha, que sei onde mi verrá bem.

E, des que eu de mandado sair,
nom se pode meu amigo guardar
que me nom haja pois muit'a rogar
polo que m'agora nom quer gracir;
e por aquesto nom tenh'eu em rem
sanha, que sei onde mi verrá bem.

Quando m'el vir em Santa Marta estar
mui fremosa, meu amigo bem lheu
querrá falar migo e nom querrei eu;
entom me cuido bem del a vingar;
e por aquesto nom tenh'eu em rem
sanha, que sei onde mi verrá bem.

cantigas-stag.square-bit.com

© 16/11/2026